



# B.O.I.

## BOLETÍN OFICIAL DE ITÍNERA

Nº 1 Outono 2008

Exemplar gratuito



## Camiñando con Itínera



- 
- A photograph of two men sitting on a white ledge, looking out at a vast blue ocean under a clear sky. In the distance, a range of mountains is visible. The man on the left is wearing a dark blue t-shirt, and the man on the right is wearing a white and grey striped polo shirt.
- 1 Editorial
  - 2 Aupa, Tornillos  
A. Lamas
  - 3 Clube de lectura  
*P. Castro*
  - 4 O Piso Tutelado  
L. Banderas
  - 5 A vida en Itínera  
*D. Caride*
  - 6 Con todo o dereito  
*M.V. Falcón*
  - 7 Lembranza de Merza  
Chelo
  - 8 Iniciación ó cine  
*Manolo V.*
  - 9 Programación curso 08-09  
*polo Coordinador*
  - 10 Historia dun logo  
Maica

# Editorial

Un novo número do BOI é ben de celebrar. A asociación, o comité de redacción seguen ahí, ó pé do canón. A vida de Itínera sigue fluíndo e, como se dun río se tratara, o seu caudal vai aumentando. Ten algo de máxico observar como un proxecto que xurde dunha idea vai aglutinando progresivamente máis xente e mais vontades -voluntarios, asociados, familias, usuarios, institucións públicas e privadas...- e vai consolidándose socialmente.

A saída deste novo número coincide coa celebración, o día 10 de outubro, do Día Mundial da Saúde Mental, auspiciado pola Federación Mundial da Saúde Mental (FMSM) como un esforzo global e unificado para promover maior atención pública e comprensión da saúde mental e a enfermidade mental.

O lema proposto para este ano 2008 é “Convertendo a Saúde Mental nunha Prioridade Global - Aumentando os Servizos a través da Reivindicación e da Acción Cidadá.

Existe unha brecha moi grande, tanto a nivel global, sobre todo nos países pobres, como no noso entorno inmediato, entre os tratamentos dispoñibles para mellorar a vida das persoas con problemas de saúde mental, e a posibilidade de acceso a eles das persoas que os necesitan. Enténdese por tratamentos dispoñibles, aquelas medidas nas que hai un consenso respecto da súa eficacia na recuperación e calidade de vida dos que padecen enfermidade mental. Estas medidas non se limitan só os medicamentos, camas de hospital, programas psicoeducativos,... senón que inclúen os servizos sociais e de emprego, como son o aloxamento, transporte, ocupación, emprego, compañía, actividades sociais e de ocio, formación para a emprego, medidas que evitan o illamento e a segregación social.

Pois ben, a FMSM considera que un factor clave para lograr a posta en marcha destes servizos por parte das autoridades políticas é eliminar esa odiosa brecha, é a presenza de asociacións e organización cidadás que asuman a reivindicación e a defensa dos dereitos e intereses destas persoas vulnerables. Alí onde existen estes grupos de presión, os servizos vense incrementados. Por eso, este ano fai fincapé na necesidade de que se constitúan, se fomenten e se dote de medios a estas organizacións cívicas que representan unha fortaleza para o sistema de saúde mental no seu conxunto.

A idea de Itínera, que se fai realidade na práctica de cada día, é lograr, na área da súa influencia, xunto con outras organizacións con obxectivos compartidos, unha comunidade inclusiva onde os servizos sanitarios de saúde mental funcionen óptimamente, onde existan oportunidades sociais suficientes para o desenvolvemento persoal, e onde o estigma e a discriminación das persoas con problemas de saúde mental se esfume dunha vez para sempre. Onde todos, e non só uns poucos, poidamos vivir confortablemente. As colaboracións no presente BOI, que explican vivencias subxectivas moi positivas dalgunhas persoas no seu contacto coa asociación, indícanos que imos no camiño acertado.

Animamos a poboación -moitos xa o fixeron- a unirse a Itínera nesta tarefa. Para cada persoa implicarse neste proxecto significará algo persoal e diferente, pero, sen dúbida, pertencer a este grupo fainos máis fortes e mais capaces de cambiar o mundo á mellor, polo menos aquel no que desenvolvemos directamente as nosas vidas, Santiago de Compostela e a súa comarca. Todos, é non só as Administracións, temos un rol que xogar.

Estamos nun momento de encrucillada, cun abano de posibilidades de onde centrar os nosos esforzos: máis cultura, máis lecer, máis aloxamento, máis emprego, máis formación, máis sensibilización social...A Xunta Directiva agradecerá todas as suxestións, consellos, queixas,... que lle queirades facer chegar, ben a través do teléfono da Asociación, no seu correo electrónico ou na Asemblea Xeral. Aproveitamos este número da revista para dar os nomes e o perfil dos seus compoñentes, que esperamos lles sexa útil.

María del Carmen Viz Otero

Vocal da Xunta Directiva da Asociación Itínera





# ¡ Aupa, Tornillos !

**Afredo Lamas**

Hola a todos/as. É difícil escomenzar a falar dun equipo de fútbol, do cal formo parte, sen falar primeiro dun mesmo. Xa fai anos, cando os meus problemas de saúde non melloraban, una persoa acercouse a falar comigo nun hall do Hospital Psiquiátrico de Conxo. Eu xa a coñecía dun tempo atrás, e máis adiante sería un instrumento fundamental da miña posterior recuperación. Ela, ó igual que dunha amiga se tratara, aconsellábame insistentemente que tomara en consideración una idea, a de formar parte dun equipo de fútbol: os Tornillos.

Polas razóns de saúde que mencionéi anteriormente, desistín, aínda que o xogar ó fútbol era una das miñas paixóns antes de que aparecera a enfermidade. Nembargantes, despois de dicir que non, algo desportou en min una gran curiosidade. Pero o tempo pasaba, e cando xa me ía esquecendo da idea, apareceu outra persoa na miña vida que co seu humilde sorriso, por fin si me convencéu.

-Oes ti, Alfredo. O sábado xogan os Tornillos na Coruña. ¿Vés comigo? -Vale. Contestéi.

Ese sábado poña maña caía un choiva moi fina mesturada cunha densa néboa. Era temprano e a miña amiga e mais eu íamos subir ó autobús que levaría ós Tornillos á cidade herculina para xogar un amistoso.

Eu xa coñecía a algún xogadores, una mezcla de pacientes de saúde mental e membros do voluntariado en moi boa forma. Pero a sorpresa para min foi maiúscula, xa que ó falta-lo porteiro o adestrador propúxome poñerme no seu lugar, aínda que non tiña botas nin indumentaria.

Ó finaliza-lo partido xa non puiden resisti-la chamada do equipo e desta xente marabillosa así que, sempre que podo, veño a adestrar co equipo dos Tornillos tódolos venres. Porque o equipo dos Tornillos é algo máis cá un equipo de fútbol. Representan un

conxunto de traballo encamiñado a un fin que non é outro que o de participar nunha actividade de esforzo pero tamén de recompensa donde non so conta o aspecto lúdico, de pasalo ben, primando, eso si, a orde e o conxunto. Ás veces hora e media de adestramento representa non só disfrutar xogando o fútbol, senón que os exercicios previos ó partidillo supón dar o máximo de ti encamiñado todo elo a una mellora do rendemento físico que se traducirá máis tarde nuha mellor chegada á area rival.

O traballo do voluntarios da Asociación Itinera é fundamental para o desenrolo da actividade de este gran equipo. Eles poñen a iniciativa, o saber e saben da-lo empuxe necesario cando se fai costa arriba e os ánimos están baixos. Sen eles anda de esto funcionaría e amaíor parte de nós estaríamos desocupados os venres pola tarde. Ademais moitos de nós enlazan ó final do adestramento con outras actividades que dita asociación ofrece de forma solidaria.

En definitiva, ter unha cabeza sana e un corpo san si é posible si formas parte do equipo dos Tornillos. Un conxunto que representa a loita diaria de un grupo de amigos/as a favor dos xóvenes que sufren una doenza mental.

¿E ti de qué lado estás? Eu dos Tornillos, claro.



# O clube de lectura

## Pilar Castro

As voltas e reviravoltas na miña vida trauxeronme ata eiquí, a Asociación Itínera, onde atopei acougo nun montón de actividades compartidas con compañeiros dunha viaxe insospeitada. O máis sobresaínte para min é a posibilidade de retomar unha afición coma a que desenvolvemos no taller literario.

Lonxanamente lembro aqueles anos do antigo bacharelato nos que pedían facer exercicios de redacción, logo o estudo da asignatura de “literatura castelán”, sí, só castelán, porque na miña época, (a miña idade xa anda pola cincuentena longa), era a época franquista e o galego estaba prohibido e afastado, o cal producía moitos problemas de autoestima e identidade nos nenos e nos maiores galegofalantes; o mellor outro día contovos historias desta época.

Tamén de lonxe me ven o recordo do difícil que me resultaba memorizar autores, cós seus nomes, datas de nacemento e finamento, movemento literario ó que pertencían e títulos das súas obras publicadas. A memoria “absurda” nunca foi o meu punto forte, o meu era “comprender” e polo tanto como mostra de rebeldía na adolescencia negábame

a ese sistema de aprendizaxe, polo que cando a mestra tomábame a lección do día eu nin sabía nada nin pretendía saber. Ela desesperábase conmigo e enfadabábase e sempre me poñía ceros claro. Pero nun exame tiveron a sorte de que coincidira coa incorporación dñha nova xefa de Estudos máis aperturista e tiveron acceso ós libros de dous autores: Bécquer e Valle-Inclán, con tan boa fortuna que no exame de 6º de Bacharelato ou preuniversitario daquela época os comentarios de texto foron sobre Bécquer, que coñecín precisamente polo atractivo da súa poesía romántica, pero a súa prosa sorprendeume tanto que fixen unha análise da personalidade do autor a través das súas obras...o resultado foi unha explosión inesperada daquela profesora entrando na clase, pillándome por diante, pegándome una sonora labazada e berando” ¡Xa sabía eu que podías facelo así de ben!, ¡Tes matrícula de honra!.

Recordo este acontecemento con prístina claridade, como unha evidencia de algo que eu non comprendín naquel momento. Aquel exame pra min só fora un divertimento porque o que redactara non precisara de memo-

rizacións “absurdas”. Por iso, se cadra, agora, a miña idade o poder atoparme novamente coa literatura aínda que sexa comenzando polo principio, supón para min un exercicio apaixonante. A miña escritura é aínda moi insegura, o bolígrafo non é dominado pola miña man, moitos días o tremor do pulso ponmo difícil e as neuronas lastimadas tampouco axudan, pero non persigo ningún virtuosismo, tan só un exercicio divertido e por enriba de todo a apertura dun espacio infinito: A LITERATURA, con maiúsculas, como é para min

Cada venres pola mañá, aínda que é o último día da semán, acudo a miña actividade favorita, onde falamos do libro e logo nun exercicio de imaxinación e de esforzo plasmámos as nosas impresións nun folio ou dous.

Tan só me queda deixar eiquí exposto o meu agradecemento a esta Asociación, á persoa que me empurrou ata ela, e sobre todo ó coordinador dos programas, pola súa valía, pola súa cultura e pola súa entrega ó traballo que fai e como o fai.







# A vida en Itínera

**Daniel C.**

Qué fago eu en Itinera?

É do mas curioso, quen me ía dicir fai mais ou menos un ano, que acabaría por integrarme nesta fermosa asociación.

Ata agora logrei na miña vida case todo o que pode acadar unha persoa aínda que non teña trastorno esquizoafectivo. Ó máis bonito que me pasou foi ir traballar fóra e lograr desenvolverme moi ben nun lugar onde non tiña ningún familiar e coa obriga de facer amigos. Todo resultou ben e en pouco tempo logrei o traslado para a nosa Galicia en Santiago aínda que toda a miña familia e de Vigo. Pois nesto as cousas complicáronse, o ambiente no traballo foi a peores, non conseguía facer moitos amigos, entrei nunha fase depresiva. Pero ei eiquí por onde, que a miña monitora de natación púxome en contacto con Feafes e Cristina moi amable faloume dunha asociación na que se facía bos amigos e que contactase con eles. Estes eran os rapaces e rapazas da asociación Itinera. Polo que vedes o meu primeiro acercamento parte da necesidade humana de ter amizade, de querer ser importante para alguén,

de sentirse socialmente a gusto, e de desenrola-las habilidades sociais na medida que sexa posible.

E claro eu chego aquí a Itinera e que fago? Despois de falar co o noso querido cordinador, comecei a facer algunhas actividades, precisamente as que mais me poderían axudar a te-la vida social que necesitaba: pois isto é, ir ó cine os venres pola noite e pórmela adestrar cos Tornillos. O que peor se levaba era o do fútbol, hai que saíres da pereza e traballar duro porque temos un adestrador que só pensa en gañar, gañar e gañar, coma fan os políticos, pero esta é a mellor forma de entrar en grupo, somos moitos os que acudimos a esa actividade e coñeces moita xente, coa que despois quedas para ir o cine ou simplemente ir tomar un cafeciño.

E despois veu o mellor, resulta que os fins de semana imos a unha preciosa casa que nos deixa o obispado de Lugo en Merza, toda unha casa rural je,je, pois nada mellor que coñecerse mutuamente convivindo día e medio en plena natureza, facendo traballos na finca, cociñando, axudando en fin, e como non visitando os preciosos

arredores de Santiago, je, je, que ben me ven iso a mín.

E despois de todo isto, ¿ que me da Itinera?, ¿que podo facer eu polos rapaces e rapazas da asociación?

Pois ser un amigo no que se pode confiar o que se lle poden contar os problemas, intentar animar a todo o mundo, que os demais vexan que se pode chegar a estar tan ben e ter un traballo estable como o que teño eu.... e estar a disposición da asociación por se algún día me pide que axude a alguén a dirixir unha actividade, teño que recoñecer que iso reconfortárame moito, igual que as rapazas e rapaces de Itinera, porque nos sabemos que somos XENIAIS!!!!

Coma XENIAIS son o obradoiro de artes plásticas, as crases de informática, o clube de iniciación a lectura, os traballos medioambientais no hospital de Conxo, o taller de dereito, o clube de iniciación o cine.....

Tantas e tantas cousas que fan posibles os nosos voluntarios e os nosos usuarios porque a gran diferenza desta asociación é que da o mesmo que sexas un ou o outro, en fin estamos aquí para nos axudar mutuamente desde os que nos atopamos moi ben ata os rapaces que están ingresados no hospital, por iso animo a todo o mundo que teña as nosas mesmas inquedanzas a que veña un día a coñecernos, seguro que se quedan!!!





# O PISO TUTELADO

**L. Banderas**

“...Son as seis do serán, estou agardando polo meu pai para ir ó piso onde quedei dentro dunha hora para entrar.

Fixen as miñas maletas, e despídome da miña nai, disposto para marchar. Deixo un montón de cousas atrás.

Acabo de chegar ó piso. Chamo ó telefonillo e me abren para subir. Despídome do meu pai. Todos me reciben cun saúdo cordial.

Por fin se cumpren os meus sonos, separarme un pouco da miña familia para que descansen e convivir con untra xente coa que poder aprender a defenderme eu só na vida.

Este é o comenzo dun futuro novo...”

Así comezou todo. Agora xa levo uns cantos meses no piso tutelado. Sobreparei moitos retos e sei que aínda me quedan moitos máis por pasar. O futuro é incerto, tanto para min como para calquer persoa carente desta dificultade mental que eu teño. Botando a vista atrás vexo todo o que antes me parecía unha montaña e agora domino.

Aprendín un montón de cousas e non deixarei de aprender tanto da xente que me rodea no piso como das tarefas que éste require.

A vida no piso é como unha receta hai ingredientes como compañeiros, supervisora... e todos eles batidos e misturados coa convivencia que é como se cociña estes elementos. Para que isto non sexa un caos hai que poñer todo da túa parte e botarlle unha pizca deso que lle dan os bós cociñeiros ás comidas; Agarimo e paciencia.

No piso temos que realizar moitas tarefas como facer a cama, o salón, a

compra diaria, por suposto a comida e fregar os cacharros, limpar os baños e as habitacións etc... Levar ó longo da semana todo este traballo é como unha terapia psicolóxica. As veces incluso mellor que un terapeuta que te ve tódalas semanas e segue a decírcela as mesmas cousas semana tras semana e ve que non te pode cambiar. Para seguir día a día no piso e tirar para adiante se necesita autoestima e se non a tes o traballo axúdarache a que apareza.

Sen máis ,quero dar un aplauso a todas esas amas de casa que en tempos pasados foron tan pouco recoñecidas e que levaban o peso de todo o fogar e dos seus integrantes. E aínda que hoxe en día fálase da muller liberada e traballadora, as estadísticas fannos ver que o 80% da carga da casa a seguen a levar elas.







# Con todo o dereito

**M. V. Falcón**

Dende fai varios meses reunímonos varios rapaces (casualmente somos todos homes) as tardes dos martes no centro sociocultural de Conxo, en Santiago de Compostela, para asistir a unha clase de dereito fundamental denominada “habilidades administrativas”. Comezamos sendo cinco, pero un de nós tivo que deixa-lo curso pola incompatibilidade do horario co do seu traballo, e dende aquela só quedamos catro, evidentemente. Sendo un grupo tan reducido, facilítanos a aprendizaxe, posto que desta maneira o mestre pode pararse con cada un e resolver individualmente as dúbidas. Ademais que das preguntas de cada un, todos acabamos sabendo algo máis e tendo as cousas máis claras.

Na primeira clase falamos da pirámide de Kelsen, que nos valeu de introducción á Constitución Española. Esta resulta, polo menos para min, un auténtico rollo con todos eses termos que non dou entendido, pero grazas á axuda do mestre, que coas súas explicacións facía que fóramos entendendo cada un dos artigos, fíxose moi ben levadeira e tamén comprensíbel, que é do que se trataba. Ao rematar tivemos un exercizo que nos levou varias clases, o cal constaba de que fixéramos nós a nosa propia Constitución. Así é como naceu a República Federal Española, cun estado laico, exército federal, educación gratuíta (ao igual que a sanidade), ningún fisacal ou xuíz podería ter un

cargo político, cada estado tería a súa hacienda pública e recaudaría os seus impostos, etc. Realmente críamos que nos paráramos moito en cada punto, pero despois comprobamos que nos quedarán cabos sen atar, xa que o mestre propoñíanos cuestións que a nosa Constitución ficticia non podía resolver. Todo isto foi para facernos ver que a Constitución non é doada de facer, e menos de que a inmensa maioría estea a favor dela, ou sexa, que todo está estudado e moi ben pensado. En resumo, que non é nada doado facer unha Constitución.

Continuamos as clases entrando no campo das incapacitacións e dos internamentos forzosos e voluntarios. Neste tema rematamos facendo a simulación dun xuízo na que se pretendía, e se logrou, incapacitar a unha persoa. Eu fixen de testigo que tiña intereses en que non se concedese esa incapacitación. Como non partiamos dun guión previo, cada un inventaba os acontecementos, os cales chegaban a situacións de extrema graza. Foi unha experiencia moi divertida e didáctica ao mesmo tempo.

Seguimos coas herdanzas e os testamentos, un tema que para min persoalmente foi moi entretido. Despois da teoría, chegou a práctica, e cada un de nós tivo que facer un testamento ficticio, xa que o mestre dicíanos a cada un de nós o que tiñamos en posesión e a quen queríamos deixarlle o noso legado.

Despois de dar toda a materia da que falei anteriormente, fixemos un exame de dez cuestións. Nese momento lembrei os vellos tempos de estudante e todo o que se relacionaba con iso, é dicir, os nervios, pedir apuntamentos aos compañeiros, a nota final...

Deseguido comezamos a falar dos tipos de xuízos, as fases de cada un deles, as competencias, suxeitos e obxectos dos procesos, lexitimacións, demanda e a súa contestación, rebeldía, probas, interrogatorios, peritos, actos de conclusión, sentenza, recursos, etc, etc, etc. Foi moita materia impartida en diferentes sesións, coa cal fixemos ao final outro exame, que tamén constaba de dez preguntas. E para levar á práctica todo o que aprendemos, nada mellor que facer un xuízo, no cal cada un de nós desempeñaba un papel. O caso trataba dun home que pedía a custodia do seu fillo de doce anos, que actualmente estaba coa súa nai divorciada que sufría un trastorno bipolar. O meu papel foi o de abogado defensor, pero quizabes me quedase o posto un chisco grande, pois ao final o xuíz estimou oportuno que o neno seguise coa nai. Este segundo xuízo que fixemos estivo moito mellor preparado que o anterior, até fixemos unha demanda e a súa contestación, e o resultado notouse, pero isto non quere dicir que non fose igual de divertido e interesante que o anterior.

Isto é todo o que fixemos até o momento, pero agardo seguir aprendendo moitas máis cousas novas, ao igual que os meus compañeiros, porque as clases continuarán, afortunadamente.





# Lembranza de Merza

Chelo

“Era unha noite de novembro, chuviosa e fría. A carón do cemiterio había unha antiga casa de pedra. Pola ventá iluminada víase pasar unha escura silueta...”

Así podería comezar un relato de terror calquera. Pero non, só estou describindo a miña cegada a casa de Merza. O terror viría algo máis tarde.

Recibíronme moi ben e sentínome cómoda, non tiña que facer nada especial, só ser eu mesma. Deronme a cea, chocolate con churros e logo o postre, unha historia de pantasmas. Comenzaron a falar de Leandro a fantasma da casa, de como se oían os seus pasos polo noite no faiado e incluso me ensinaron as correas coas que o ataban a cama cando vivía ¡que medo! Eu só aertaba a pensar “mi casssa”, “teléfono”, quería saír dalí correndo... pero quedeime.

Aínda hoxe me pregunto por qué me quedei. Eu daquela non era voluntaria

nin o quería ser, nin tiña idea de onde me metía, pero quedeime alí. Pasei a noite tremendo de frío e medo có oído atento a calquer ruidito sospeitoso. Coa luz do día chegou a tranquilidade, xa non había pantasmas e, aínda que em fixeron traballar arreo, sentínome ben e voltei ó seguinte fin de semana, e o seguinte e o seguinte...

Pasou un tempo no que eu non dixen que sabía cociñar, tan só cando me cansei de comer sempre tortilla, pasta e arroz decidín que había que coller a tixola polo mango e empezar a facer outras cousas. En canto se descubriu a miña afición ás artes culinarias quedei confinada á cociña de por vida. Agora dous anos despois, xa perdín a conta de cantas paellas, asados e tartas fixen, loitando cun presuposto xustiño e suplindo os cartos por moito traballo e algo de imaxinación.

Dicía un profesor meu que o que nace labrego é labrego para sempre.

Canta razón tiña porque en merza tamén tiven ocasión de exercer de tal, cortando silvas, sachando, recollendo leñas, coidando do xardín... como voltar de novo á miña infancia e xuventude. Este ano imos plantar patacas, a ver o que sae.

Sí quedame falar da parte humana de Merza, a mellor. Alí atopeime cun montón de rapaces e rapazas (e non tan rapaces) moi valentes, dispostos a enfrontarse ós seus problemas e a parender cousas novas para ser máis independentes e integrarse como membros de pleno dereito na sociedade. Teñen a miña admiración e o meu cariño.

E así paso o tempo en Merza, entre moitas risas algunha bágoa e as discusións có xefe, a cociña o campo, as camiñatas, a praia.... Cando os vexo a todos sentados á mesa esperando que lles sirva a comida síntome como unha nai de familia numerosa, eles son os meus nenos...e síntome ben.



# Os de sempre

## Manolo V.

A función vai comezar. A cámara enfoca a un grupo de amigos que se dispoñen a ver unha película. É a maxia do cinema. Unha película dentro dunha película.

Interpretes: Pi, escudriñandoo todo e afinando o ouvido pra non perderse nin mú; M, dormitando e desexando que remate a función. Actores masculinos: Os irmáns X, intuitivos; O. intelixente, faltan as verbas para expresar todo o seu interiorismo; Teo, serio e con cara de Póker; Ché, o galán. Resto do reparto: Extras, especialistas etc... entramos e saímos, armamos bulla, ruído, representamos ó vulgo, ó pobo. Guionista: Consuelo, que non gusta da película xa que se sente reprimida coma muller e con razón xa que ista non é unha película de románs chea de festas e orxías... e a todas estas o Director, tolo ou a punto de tolear, alma mater do film ó que da título “Os de Sempre”.

O grupo dispónse, acomodado nas súas butacas, a visionar ó invento: A cámara ofrece primeiros planos simultaneamente dos diferentes persoaxes: Excitación nas súas caras si é unha cortametraxe de acción; caras de interrogación si se trata dun argumento misterioso; gargalladas limpas si é comedia; ganas de pelexa se trata de hooligans e si o film trata de supervivencia os caretos expresan iso, loita con fame por comerse ó mundo.

A película remata e a cámara ofrece unha visión conxunta do grupo, uns se desperezan, X esperta, Pi laiase de que non a escoitou ben, case todos parecen aliviados. Escomenza o debate, que o director filma en branco e negro, con lixeiros toques de cor nalgúns detalles. Non é que trate de imitar “sin city” senón

que máis ben semella ó “chico da moto”, o personaxe daquela película de Coppola, “a lei da rúa”. O. trata de abrir o debate cunha aportación psicoanalítica, que é debatida por Pi coa teoría do “segundo sexo”; Che, pola súa banda, expresa a súa opinión acerca da maravillosa capacidade do ser humano pra responder ás inxusticias; Teo quere ver un western ó que o Director contesta “¡Silverado!”.

Dalí a media hora a conversa remata con vistas a proxección doutro longametraxe, o grupo dispérsase cun forte apretón de mans. Logo virán “A cea dos idiotas” se por idiotas entendemos a toda esa xente sincera, sencilla, coma “A moza dun millón de dólares”, xente que ten unha ilusión pola que dar a vida. No “Hotel Ruanda” esperamos unha auténtica batalla de vida e morte, Tutsis e Hutus, loita xeneracional, negros e brancos, escravos e amos, de patronos que explotan ós obreiros, de mulleres contra homes...

Xa é tarde faise a cama e cada un a dormila, algúns dos artistas soñan con duendes e fadas madriñas, I, ten soños eróticos, outros soños son debuxos animados... e á mañá seguinte, ás oito, ás nove ou ás once xa están todos levantados dispostos a buscar ó castillo que ten patas no comenzo dun novo día no que seguir loitando e na espera de que chegue novamente a función do xoves. E as veces non nos damos de conta de que a mellor película é precisamente esa, a vida mesma, a rutina a monotonía e esas gañas de cruzar as súas fronteiras... deste xeito a pantalla escurece.





# Curso 08-09

| Horas    | LUNS                   | MARTES                                | MÉRCORES                                   | XOVES                          | VENRES               | SÁBADO                           | DOMINGO                          |
|----------|------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------------|--------------------------------|----------------------|----------------------------------|----------------------------------|
| 11-13:00 | Educación para a saúde | Informática<br>Inglés                 | Equipo de Redacción                        | Informática<br>Artes Plásticas | Clube de lectura     | Espacio Lúdico                   | Xornadas Activas<br>Fin de semán |
| 12-15:30 | Curso cociña comedor   | Curso cociña comedor                  | Curso cociña comedor                       | Curso cociña comedor           | Curso cociña comedor |                                  |                                  |
| 16-19:30 | Talleres emprego       | Habilidades Advas.<br>Análise crítico | Informática<br>Educación no Medio Ambiente | Informática<br>Iniciación cine | Fútbol               | Xornadas Activas<br>Fin de semán | Xornadas Activas<br>Fin de semán |

## O noso Anagrama

Maika



Gustaríame saber o que a cada quén de vós lle pasa pola cabeza ó ver os tres globos laranxa que aparecen no LOGOTIPO ou EMBLEMA da nosa Asociación.

Cando tratei de facer unha enquisa caseira sobre o tema, as respostas deixáronme abraída. Ninguén vía neles o que para a súa modesta autora estaba máis claro que a auga.

Os logotipos buscan condensar todo o simbolismo da empresa ou institución que representan. ¿Cal era o que mellor podía reflexar o miolo de Itinera?

Pois ben, o proceso de creación resultou de relacionar a denominación da Asociación, cun artigo e cunha viaxe.

Itinera significa camiños en latín. Camiños para avanzar, para lograr non só unha vida mellor, senón tamén, e de paso, unha mellor vida, máis feliz e satisfactoria.

Estes camiños que iniciaron os seus promotores e os que vos unídes sobre a marcha, representan tanto unha referencia espacial, compartir espazos, como tamén, e sobre todo, temporal. Compar-

tir o tempo. Camiñar xuntos significa compasar razoablemente o tempo propio ó tempo dos demais. Entrelazar o tempo dun co tempo doutros é unha magnífica maneira de incrementar o noso tempo, vivir outras vidas, e polo tanto, para ampliar a nosa liberdade.

Insisto ¿que significan os globos de cor laranxa?

A revista Trabajo Social y Salud publicou, hai uns anos, un artigo titulado Las pasaderas, que refería a acción dunha traballadora social nas aforas de Londres onde, a través de distintas actividades educativas e de ocio, intentaba lograr unha melloría psicolóxica de persoas con problemas mentais, aumentar o seu nivel de autonomía, incrementar o seu nivel educativo, abrírlles as portas do emprego.

Pero ¿que son as pasaderas?. Fun ó diccionario de español e vin Pasaderas:

1. Cada una de las piedras que se ponen para atravesar a pié enjuto charcos, arroyos.
2. Cualquier cosa convenientemente colocada para que, caminando

sobre ella, pueda atravesarse una corriente de agua.

Tamén fun ó diccionario de lingua galega e atopei Pear:

2. Pedras asentadas no fondo dun río para podelo atravesar a pé. E a tamén Pasal:
1. Chanzo dunha escaleira.
2. Pedras que se colocan nas correntes de auga para podelas cruzar a pé enxoito.

En píntese, representan apoios para sortear os apuros que un atopa nos camiños.

Finalmente nunha viaxe a Montpellier atopei nun folleto turístico un emblema que indicaba a presenza de camiños para practicar sendeirismo e que consistía exactamente en tres pedriñas ordenadamente colocadas, en forma parecida a como as puxemos no logotipo de Itinera. Na viaxe de regreso, cando non tocaba conducir, entretíveme en compoñer decenas de letras e de pedras para que quedase o mellor posible. Eran as pedras peares, que reflexaban con exactitude a idea que moveu este proxecto.




**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA  
DA IGUALDADE E DO BENESTAR



**Fundación  
Pedro Barrié de la Maza**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**



*Voluntarios en saúde mental*

